



Onde está CONFI?

CEMMA investiga a desaparición do arroaz solitario embaixador CONFI na Ría de Ferrol

O **arroaz solitario CONFI** foi rexistrado por primeira vez en decembro de 2019 no porto de Portosín, logo de pasar na Ría de Muros-Noia case cinco anos, en xuño de 2024 saíu por primeira vez permanecendo o verán na Enseada de Corcubión, subindo cara norte e establecéndose na Ría de Ferrol dende final de ano de 2024.

En setembro de 2020 o arroaz solitario CONFI evolucionou dando o paso de contactar cos humanos nas praias, denominándose neste caso **solitario embaixador**, esta situación deu lugar a moitos problemas de acoso por parte dos bañistas, e situacións ilegais, que levaron a un enorme problema de orde pública incontrolable.

Os técnicos de CEMMA realizaron nestes anos un seguimento do seu comportamento e evolución, levando cabo unha ou dúas visitas anuais para examinar o seu corpo e comportamento. En abril e maio deste ano deseñaron varias prospeccións na Ría de Ferrol mais non foi localizado, aínda así nese tempo recibíronse rexistros continuos da súa presenza e peripecias.

Dende o pasado 3 de xuño non se reciben datos comprobables da súa estancia na Ría de Ferrol, nin tampouco nas proximidades, polo que CEMMA dá ao arroaz CONFI por **desaparecido**. Por este motivo CEMMA está a investigar todas as posibilidades e indicios que poidan levar a averiguar o seu paradeiro.

É por iso que **solicita do público** que traslade datos concretos, con lugares e datas, ou imaxes e vídeos ao correo de CEMMA: cemmaorganizacion@gmail.com entre os días 3 e 6 de xuño, para tratar de seguir os seus pasos.

Esta será a única vía de contacto e non se realizarán declaracións ata pechar a investigación.

cemmaorganizacion@gmail.com

986 36 61 49 - 686 98 90 08

<https://www.cemma.org>

<https://www.facebook.com/cemmacetaceos/>

<https://www.instagram.com/cemmacetaceos/>

<https://twitter.com/cemmacetaceos>

<https://www.youtube.com/user/cemmacetaceos?hl=gl>